

CERTIFICADO

CAROLINA COSTOYA PARDO, secretaria do Concello de Rianxo (A Coruña),
CERTIFICO,:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 27 de novembro de 2012,
adoptou o seguinte acordo cuxo contido transcríbese deseguido:

<<4.- LICITACIÓN PÚBLICA e BENS

**APROBACIÓN DA LICITACIÓN RELATIVA A: PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS
MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DAS COMARCAS
BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR**

OBRA: "ADECUACIÓN DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO."

Incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 13 de novembro de 2012, a licitación da obra en cuestión por procedemento negociado sen publicidade en atención á súa contía, e tramitación ordinaria.

Visto que o expediente inclúe:

- Proxecto técnico e acta de replanteo.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación, así como os seus Anexos.
- Pregos de prescricións técnicas para a execución da obra.
- Informe conxunto de Secretaría e de fiscalización da Intervención do 22 de novembro de 2012.
- Certificado de existencia de crédito do 22 de novembro de 2012, para o actual exercicio.

Sendo competente para a aprobación do expediente previa á apertura do procedemento de adjudicación a Xunta de Goberno Local por delegación desta Alcaldía vía Resolución nº 912/2011, do 27 de xuño, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria, de acordo cos artigos 110, 171.d) e 177.2 e correlativos do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para a adjudicación da obra "ADECUACIÓN DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO.", cun orzamento total de execución por contrata de trinta e sete mil cento setenta e un euros con sesenta e un céntimos de euro (37.171,61 euros) IVE engadido.

Segundo: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, e Pregos de Prescricións Técnicas, que rexerán a contratación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente a dita obra para a anualidade actual (2012) por dez mil catrocentos doce euros con nove céntimos de euro (IVE engadido) con cargo á partida 431.609.00 e adoptar o compromiso de dotar de crédito suficiente para a financiamento deste contrato na anualidades seguintes (2013), sendo o orzamento total de contratación de trinta e sete mil cento setenta e un euros con sesenta e un céntimos de euro (37.171,61€) que se desagrega nun valor estimado de trinta mil setecentos vinte euros con trinta e catro céntimos de euro (30.720,34€) mailo IVE (21%) de seis mil catrocentos cincuenta e un euros con vinteseite céntimos de euro (6.451,27€).



Cuarto: Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación, tramitación ordinaria e cursar invitacións ás seguintes persoas/ empresas:

- Ramón Iglesias Sánchez, S. L.- Rúa As Cortes nº 14.- 15920 – Rianxo.
- Construcciones Andrés Seijas, S.L.- Fincheira- Edif. Cruceiro.- 15920 – Rianxo.
- Victor Manuel Aido Agrelo.- Bures s/n.- 15984 – Rianxo
- Construcciones J. Novoa S. L.- Bures nº 92.- Asados.- Rianxo
- Fuentes Esperante Empresa Constructora S.L.- Lgar. Campo de Pazo nº 18.- Taragoña.- Rianxo
- José Andrés Rey González.- Buhía nº 16 – Araño – Rianxo

Asemade publíquese a licitación no perfil do contratante cos pregos que a rexen en cumprimento do esixido nos pregos-tipo da Deputación.

A Xunta de Goberno Local, ACORDA, por unanimidade dos 5 membros presentes dos 6 que a constitúen, APROBAR dita proposta nos termos desta./>>

E para que así conste, expido e asino o presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, coa salvedade do especificado no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Rianxo a 29 de novembro de 2012.-

A secretaria

Vº e Pr.
O Alcalde

Adolfo F. Muíños Sánchez